



## INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN SOBRE APOIO PROCEDENTE DE FONDOS FEDER

### Responsabilidade dos beneficiario

#### Durante á realización das operacións:

a) Breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña de un, da **operación**, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado , cos seus **obxectivos e resultados** , e destacando o **apoio financeiro** da Unión.

b) colocando, polo menos un **cartel con información sobre o proxecto ( de un tamaño mínimo A3)**, no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar **ben visible para o público**, por exemplo na entrada dun edificio excepto cando o importe da axuda supere os 500.000 €.

Durante a execución de toda operación de financiamento de obras de infraestrutura ou construción que se beneficie dunha axuda de FEDER superior a 500.000 €, o beneficiario colocará un cartel temporal de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público.

O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

a) A contribución pública total á operación supera os 500.000 euros

b) A operación consiste na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

O cartel ou placa indicará o nome e obxectivo principal da operación.

### **Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo**

1. O **emblema** da Unión deberá figurar **en cor** nos sitios web. Nos demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.

2. O emblema será sempre **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa posición e tamaño serán os axeitados a escala do material ou documento utilizados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.

3. Cando o **emblema da Unión e a referencia á Unión e ó Fondo** correspondente se presenten nun sitio web serán **visibles ó chegar a dito sitio web**, na superficie de visión de un dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.

4. O nome **“Unión Europea”** sempre aparecerá **sen abreviar**. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. **Non se utilizará a cursiva, o subraiado nin outros efectos**. O corpo do tipo utilizado será proporcional ó tamaño do

emblema e de modo que non interfira. A cor do tipo será azul réflex, negro ou branco, en función do contexto.

5. No caso de exhibirse **outros logotipos** ademais do emblema da Unión, este terá **como mínimo o mesmo tamaño**, medida en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.

#### **Características técnicas das placas fixas e dos carteis publicitarios temporais ou permanentes**

1. O **nome** da operación, o **principal obxecto** de esta e o **emblema** da Unión, xunto con unha **referencia á Unión** e a referencia ao Fondo ou Fondos terán que figurar no **cartel temporal** e ocupar polo menos o 25% do cartel.

2.O **nome** da operación e o **principal obxecto** da actividade apoiada por aquela, ó **emblema** da Unión, xunto con unha **referencia á Unión** e a referencia ó **Fondo ou Fondos** que teñen que figurar na **placa ou cartel permanentes** e ocupara polo menos o 25% de dita placa ou cartel.

- Emblema
- Unión Europea
- Fondo Feder
- Nome Operación
- Obxectivo “ Consegur unha economía mais limpa e sostible”